

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SOBRE VOLUNTARIOS DE APOIO ENTRE A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ASOCIACIÓN DE AMIGOS DEL CAMINO DE SANTIAGO E A SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO

1.-A Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo ten como obxecto social segundo o seu artigo 2 :

Constitúe o obxecto da sociedade a realización de actividades dirixidas á xestión dos servizos comúns da rede pública de albergues e do resto do seu patrimonio social, as relacións coas asociación de amigos do Camiño de Santiago; así como a planificación, programación, proposta e, se é o caso, execución das actuacións para a promoción e a organización dos actos que se desenvolvan con motivo dos anos santos Xacobeos, así como apoiar os distintos departamentos, entidades e comisións da Xunta de Galicia para o desenvolvemento das súas funcións neste ámbito

2. En concreto, constitúe o obxecto da sociedade a realización das seguintes actividades:

- a) A xestión dos ingresos e gastos derivados do funcionamento da rede pública de albergues e do resto de edificios da entidade.
- b) A contratación, seguimento e xestión dos servizos de mantemento, seguranza, limpeza, atención así como todos aqueles que sexan necesarios





para o correcto funcionamento da rede pública de albergues e do resto do patrimonio da entidade.

c) As relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago e entidades de promoción da cultura xacobeá, así como as propostas de actuacións no ámbito da promoción, mantemento e conservación do Camiño de Santiago.

d) A planificación, programación, proposta, e, se é o caso, execución de actuacións para a promoción e organización dos actos que se desenvolvan con motivo dos anos santos Xacobeos.

e) O asesoramento aos distintos departamentos, entidades e comisións da Xunta de Galicia para o desenvolvemento das actuacións que leven a cabo con motivo dos anos santos Xacobeos

A acollida e hospitalidade ás persoas peregrinas conforma unha peza básica na promoción do Camiño de Santiago e dos seus valores, así mesmo constitúe unha das actividades fundamentais das relacións coas asociacións do Camino de Santiago, e polo tanto a participación dos socios que recibindo a formación específica desenvolvan unha actividade de voluntarios de apoio nos albergues do que é propietaria a Sociedade, ou ten encomendada a súa xestión, e que están acondicionados para tal fin.

2.-Que a Federación Española de Asociacións de amigos do Camiño de Santiago ten entre os seus fins :

a) As actuacións ante Organismos e Institucións, tanto públicas como privadas, en orde á revitalización, defensa, conservación, limpeza e potenciación do patrimonio histórico-cultural dos Camiños de Santiago, cando estas actuacións teñan carácter multiprovincial ou uniprovincial, e tanto se é a pedimento da Asociación ou Asociacións que incidan na zona xeográfica motivo de tal actuación, como por propia iniciativa.





b) Información e apoio a peregrinos e a viaxeiros e a calquera outras persoas ou entidades que mostren o seu interese polos Camiños de Santiago, no marco que non sexa da competencia, polo seu carácter de territorialidade, das Asociacións membros da Federación.

c) Organización e xestión de persoal voluntario con destino ás actividades que se desenvolvan nos Camiños de Santiago.

3.- Finalidade e obxecto do Convenio

Na actualidade numerosas asociacións promoven o exercicio de a hospitalidade tradicional, entendida como un servizo voluntario, sen ánimo de lucro, para a acollida fraternal aos peregrinos en numerosos albergues localizados por todos os camiños de Santiago

Trátase de fomentar a colaboración de voluntarios de apoio (hospitaleiros/ as voluntarios) na rede pública de albergues de peregrinos de Galicia, a través das Federación Española de Asociacións de Amigos del Camiño de Santiago.

Fomentarase a presenza de voluntarios de apoio na Rede Pública de Albergues de Peregrinos, seleccionados do Rexistro de Voluntarios que a FEAACS ten. Formarán parte os Voluntarios que recibisen formación específica ben como hospitalero/a ou de informadores con independencia de ser socios das distintas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago federadas, desenvolvendo a súa actividade voluntaria e non remunerada nalgún dos albergues de peregrinos da rede pública de albergues de Galicia.

FEAACS seleccionará os voluntarios de entre o rexistro de voluntarios de apoio os socios de diversas asociacións españolas e estranxeiras cuxo obxecto sexa o Camiño de Santiago gardando os principios de igualdade, concorrencia e obxectividade na devandita selección.

Así mesmo cubrirá os gastos ocasionados pola actividade de voluntario des apoio conforme ás condicións pactadas e dotar aos medios e recursos e





recursos apropiados para a realización dos seus labores. Especificamente farase cargo do abono dun seguro de accidentes e responsabilidade civil para cada un dos hospitaleiros voluntarios durante o tempo de estancia no albergue.

As actuacións realizaranse de acordo coa Lei 10/2011 de acción voluntaria de Galicia

A Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo pon a disposición os albergues dotados dun cuarto propio distinto aos dormitorios comúns dos peregrinos, para a labor de voluntarios, así mesmo coordinará a presentación do voluntario de apoio ente o persoal da empresa contratada que xestiona o albergue onde vaia a exercer o seu voluntariado.

O convenio estendera a súa vixencia de 15 de maio ao 31 de outubro de 2023

O presente colaboración resulta de interese para ambas partes, por redundar en beneficio das persoas peregrinas, na promoción do Camiño, e como actuación fundamental incluída nas relacións coas Asociacións do Camiño de Santiago entre a Sociedade e a da Federación de Asociacións do Camiño

Os intereses converxentes das partes exclúen o ánimo de lucro e a onerosidade, polo que non se trata dun contrato, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2006 de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional asinado con exclusión de outras figuras.

Asinado dixitalmente

Director de administración

